

23 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO



Ilustración: XOSÉ VIZOSO

XOVES 12 DE FEBREIRO

18:00 H. | SALA MUNICIPAL DE EXPOSICIÓNS

DENDE ROSALÍA

A XANELA DO MAXÍN

Un percorrido emocionante pola historia literaria de Galicia da man das súas grandes creadoras. Nunha combinación de teatro, poesía, música e pequenas sorpresas escénicas, hologramas e personaxes fantásticos conviven para mostrar que estas mulleres non só fixeron historia, senón que continúan inspirando ás xeracións máis novas.

Espectáculo infantil/familiar
Entrada de balde.

VENRES 20 DE FEBREIRO

20:30 H. | CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

O SENTIR UNIVERSAL DE ROSALÍA

BRIÓN, UNHA HISTORIA QUE CONTAR

Unha experiencia artística arredor de Rosalía de Castro. Coa interpretación de *Chiruca Tarrío*, a música de *Francisco Castro* e a participación de *Teatro das Maniotas* do IES de Brión.

Entrada de balde.

SÁBADO 21 DE FEBREIRO

20:00 H. | CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

ROSALÍA DE CASTRO,

COMO COR DE OURO PÁLIDO

Unha viaxe a través da imaxe, o son e a palabra inspirada na poesía de Rosalía. Con *Rafa Fernández* (guitarra/composición), *Lara Dopazo* (voz) e *Iván Torres* (videocreación)

Entrada de balde.

LUNS 23 DE FEBREIRO

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

ALBORADA, OFRENDA, LECTURAS

12:00 H. | IGREXA S. XIAO DE BASTAVALES

Acto homenaxe a Rosalía de Castro.

CALDO DE GLORIA

Homenaxe a Rosalía degustando un petisco do tradicional caldo galego. En diferentes establecementos hostaleiros de Brión.

CAFÉ CON VERSO

Tomar un café acompañado dun poema de Rosalía de Castro. En diferentes establecementos hostaleiros de Brión.

VENRES 27 DE FEBREIRO

20:30 H. | CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

DE NOME ROSALÍA

GRUPO OURIOL

Espectáculo dedicado á poesía de Rosalía de Castro, especialmente á recollida en *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*. Con *Eva Veiga*, *Bernardo Martínez*, *Fito Ares* e *Alfonso Costa*.

Entrada de balde.

